



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AS CIFRAS DE POBOACIÓN

Ano 2018

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Cifras de poboación e Estatística de migracións

- A poboación galega diminuíu en 6.980 persoas durante o ano 2017, alcanzando os 2.703.149 habitantes no 1 de xaneiro de 2018. En termos relativos a poboación reduciuse nun 0,26% fronte ao descenso do 0,37% rexistrado ao longo do ano anterior.
- Durante o primeiro semestre de 2018, a poboación galega diminuíu (dato provisional) en 3.850 persoas, o que supón unha caída do 0,14%.
- No conxunto de España, a poboación aumentou nun 0,28% en 2017, e aumentou un 0,16% no primeiro semestre de 2018.
- En oito comunidades autónomas diminúe a poboación no primeiro semestre do ano 2018. Galicia é a quinta comunidade con maior decrecemento.

Poboación residente segundo grupos de idade. GALICIA. 1 de xaneiro de 2018

Taxa de variación do total e achegas de cada grupo de idade en %		Poboación	Var. resp. ano anterior (%)	
-0,3		Total	2.703.149	-0,3
0,0		De 0 a 14 anos	323.538	-0,3
0,0		De 15 a 24 anos	216.776	-0,6
-0,7		De 25 a 44 anos	702.648	-2,7
	0,3	De 45 a 64 anos	787.322	1,0
	0,1	De 65 a 84 anos	551.223	0,3
	0,2	De 85 e máis anos	121.643	4,6

1. Cifras de poboación no 1 de xaneiro de 2018

1.1 Información xeral


A poboación galega diminuíu en 6.980 persoas durante o ano 2017, alcanzando os 2.703.149 habitantes no 1 de xaneiro de 2018. En termos relativos a poboación reduciuse nun 0,26% fronte ao descenso do 0,37% rexistrado ao longo do ano 2016.

Poboación residente

	01/01/2017	01/01/2018	% Var. Anual
GALICIA	2.710.129	2.703.149	-0,26 %
ESPAÑA	46.527.039	46.658.447	0,28 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

Esta perda de poboación fai que o peso relativo da poboación galega con respecto á poboación total de España diminúa ao 5,79%.



O descenso poboacional en Galicia durante o ano 2017 débese a un saldo vexetativo (nacementos menos defuncións) negativo de 13.517 persoas e un saldo migratorio total (entradas menos saídas) positivo de 6.538 persoas:

Evolución demográfica de Galicia

	Ano 2017
Poboación residente o 1 de xaneiro de 2017 (A)	2.710.129
Saldo vexetativo (B)	-13.517
Saldo migratorio (C)	6.538
Poboación residente o 1 de xaneiro de 2018 (A+B+C)	2.703.149

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

Por idades, o descenso da poboación no ano 2017 produciuse no rango de menores de 10 anos, cun descenso de 2.995 persoas (un 1,4%), no grupo de 20 a 39 anos, no que o descenso foi de 23.391 persoas (un 3,8%) e nos grupos de 80 a 84 anos (3,1%) e de 100 ou máis anos (1,1%).

Por sexo, continúa a ser superior o número de mulleres que de homes en Galicia nos grupos de idade a partir dos 45 anos; en cambio, nos grupos de idade inferiores ao 45 anos, hai maior presenza masculina.

Poboación residente por sexo e idade. GALICIA

	1 de xaneiro de 2018			Crecemento absoluto en 2017			Crecemento relativo en 2017		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total	2.703.149	1.305.378	1.397.772	-6.979	-4.070	-2.910	-0,3 %	-0,3 %	-0,2 %
0 a 4 anos	97.757	50.398	47.359	-2.137	-1.198	-939	-2,1 %	-2,3 %	-1,9 %
5 a 9 anos	113.096	58.766	54.330	-858	-370	-487	-0,8 %	-0,6 %	-0,9 %
10 a 14 anos	112.684	58.146	54.538	2.172	1.135	1.037	2,0 %	2,0 %	1,9 %
15 a 19 anos	106.778	55.129	51.649	952	409	544	0,9 %	0,7 %	1,1 %
20 a 24 anos	109.998	56.338	53.660	-2.188	-1.108	-1.080	-2,0 %	-1,9 %	-2,0 %
25 a 29 anos	125.854	63.906	61.948	-3.268	-1.610	-1.658	-2,5 %	-2,5 %	-2,6 %
30 a 34 anos	150.984	75.738	75.246	-8.214	-4.325	-3.889	-5,2 %	-5,4 %	-4,9 %
35 a 39 anos	200.849	100.748	100.101	-9.721	-5.188	-4.533	-4,6 %	-4,9 %	-4,3 %
40 a 44 anos	224.960	112.709	112.252	1.433	720	712	0,6 %	0,6 %	0,6 %
45 a 49 anos	213.963	106.146	107.817	1.252	667	585	0,6 %	0,6 %	0,5 %
50 a 54 anos	203.312	99.763	103.548	2.725	1.315	1.410	1,4 %	1,3 %	1,4 %
55 a 59 anos	194.255	94.974	99.282	1.240	654	586	0,6 %	0,7 %	0,6 %
60 a 64 anos	175.792	84.968	90.824	2.466	928	1.538	1,4 %	1,1 %	1,7 %
65 a 69 anos	165.352	78.931	86.421	2.366	1.222	1.144	1,5 %	1,6 %	1,3 %
70 a 74 anos	154.766	71.314	83.453	2.734	1.441	1.293	1,8 %	2,1 %	1,6 %
75 a 79 anos	114.427	50.016	64.411	520	512	8	0,5 %	1,0 %	0,0 %
80 a 84 anos	116.678	46.638	70.040	-3.780	-1.448	-2.332	-3,1 %	-3,0 %	-3,2 %
85 a 89 anos	78.455	28.171	50.284	3.836	1.564	2.273	5,1 %	5,9 %	4,7 %
90 a 94 anos	33.236	10.133	23.103	903	451	452	2,8 %	4,7 %	2,0 %
95 a 99 anos	8.843	2.235	6.608	599	167	432	7,3 %	8,1 %	7,0 %
100 ou máis anos	1.109	210	898	-13	-7	-6	-1,1 %	-3,1 %	-0,7 %

Fonte: INE, *Cifras de población*

Por nacionalidade, o número de estranxeiros en Galicia en 2017 aumentou un 4,6%, ata situarse en 95.301 persoas (o 3,5% da poboación residente en Galicia). Incrementáronse os españois nados no estranxeiro, nun 1,6% e os nados en España pero con nacionalidade estranxeira, nun 8,2%.

Poboación residente por nacionalidade e lugar de nacemento. GALICIA

	1 de xaneiro de 2018			Crecem. absoluto ano 2017			Crecem. relativo ano 2017		
	Lugar de nacemento			Lugar de nacemento			Lugar de nacemento		
	Total	España	Estranx.	Total	España	Estranx.	Total	España	Estranx.
Total	2.703.149	2.481.709	221.440	-6.980	-12.830	5.850	-0,3 %	-0,5 %	2,7 %
Españóis	2.607.848	2.476.026	131.822	-11.188	-13.261	2.073	-0,4 %	-0,5 %	1,6 %
Estranxeiros	95.301	5.683	89.618	4.208	431	3.777	4,6 %	8,2 %	4,4 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

1.2 Información por provincias

As catro provincias galegas viron diminuír a súa poboación durante 2017. A Coruña e Pontevedra concentran, no seu conxunto, o 76,3% da poboación de toda Galicia.

Poboación residente. Provincias

	01/01/2017	01/01/2018	% Var. Anual
GALICIA	2.710.129	2.703.149	-0,3 %
A Coruña	1.121.746	1.121.417	-0,2 %
Lugo	333.593	331.492	-0,8 %
Ourense	311.562	309.314	-1,0 %
Pontevedra	943.228	940.926	-0,2 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

1.3. Información por comunidades autónomas

No conxunto de España, a poboación incrementouse en 131.408 persoas durante 2017. Un total de sete CC.AA. perderon poboación; as maiores diminucións absolutas corresponderon a Castilla y León, que perdeu 17.311 habitantes e Castilla – La Mancha, con 8.344 habitantes menos. En cambio, a Comunidad de Madrid e Cataluña foron as que gañaron máis poboación en termos absolutos en 2017, con 72.814 e 47.577 habitantes máis, respectivamente.

En termos relativos, Castilla y León e Extremadura foron as comunidades con maior descenso da poboación, un 0,7%. Por outra parte, Illes Balears é a comunidade na que maior incremento relativo se produciu, un 1,4%.

Poboación residente. Comunidades Autónomas

	01/01/2017	01/01/2018	Crecem. absoluto	% Var. Anual
Total Nacional	46.527.039	46.658.447	131.408	0,3 %
Andalucía	8.408.825	8.410.094	1.269	0,0 %
Aragón	1.316.040	1.313.135	-2.905	-0,2 %
Asturias, Principado de	1.034.277	1.027.624	-6.653	-0,6 %
Baleares, Illes	1.150.935	1.166.923	15.988	1,4 %
Canarias	2.154.924	2.177.048	22.124	1,0 %
Cantabria	581.476	581.294	-182	0,0 %
Castilla y León	2.435.867	2.418.556	-17.311	-0,7 %
Castilla - La Mancha	2.040.939	2.032.595	-8.344	-0,4 %
Cataluña	7.441.140	7.488.717	47.577	0,6 %
Comunitat Valenciana	4.935.084	4.946.233	11.149	0,2 %
Extremadura	1.077.506	1.070.453	-7.053	-0,7 %
Galicia	2.710.129	2.703.149	-6.980	-0,3 %
Madrid, Comunidad de	6.476.705	6.549.519	72.814	1,1 %
Murcia, Región de	1.472.977	1.475.569	2.592	0,2 %
Navarra, Comunidad Foral de	640.337	643.866	3.529	0,6 %
País Vasco	2.167.283	2.170.868	3.585	0,2 %
Rioja, La	312.618	312.884	266	0,1 %
Ceuta	85.033	85.209	176	0,2 %
Melilla	84.943	84.708	-235	-0,3 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

2. Cifras de poboación (provisionais) no 1 de xullo de 2018

2.1 Información xeral

Durante o primeiro semestre de 2018, a poboación galega diminuíu (dato provisional) en 3.850 persoas, o que supón unha caída do 0,1% con respecto a principios de ano.

Poboación residente. Provincias

	01/01/2018	01/07/2018 (P)	% Var.
GALICIA	2.703.149	2.699.299	-0,1 %
A Coruña	1.121.417	1.120.319	-0,1 %
Lugo	331.492	329.954	-0,5 %
Ourense	309.314	308.116	-0,4 %
Pontevedra	940.926	940.911	0,0 %

Fonte: INE, *Cifras de poboación*

Nota: os datos do 1 de xullo de 2018 son provisionais

2.2. Información por comunidades autónomas

Durante o primeiro semestre do ano 2018, as comunidades con maior incremento relativo da poboación foron Illes Balears (2,2%) e a Comunidade de Madrid (1,7%). Por outra parte, as maiores diminucións de poboación nese período producíronse no Principado de Asturias, Castilla y León e Extremadura (1,0%).

Poboación residente. Comunidades Autónomas

	01/01/2018	01/07/2018 (P)	Crecem. absoluto	% Var.
Total Nacional	46.528.024	46.733.038	205.014	0,4 %
Andalucía	8.408.975	8.405.294	-3.681	0,0 %
Aragón	1.316.072	1.316.064	-8	0,0 %
Asturias, Principado de	1.034.302	1.024.381	-9.921	-1,0 %
Balears, Illes	1.150.962	1.176.627	25.665	2,2 %
Canarias	2.154.978	2.188.626	33.648	1,6 %
Cantabria	581.490	580.997	-493	-0,1 %
Castilla y León	2.435.951	2.410.819	-25.132	-1,0 %
Castilla - La Mancha	2.040.977	2.030.807	-10.170	-0,5 %
Cataluña	7.441.284	7.516.544	75.260	1,0 %
Comunitat Valenciana	4.935.182	4.948.411	13.229	0,3 %
Extremadura	1.077.525	1.067.272	-10.253	-1,0 %
Galicia	2.710.216	2.699.299	-10.917	-0,4 %
Madrid, Comunidad de	6.476.838	6.587.711	110.873	1,7 %
Murcia, Región de	1.472.991	1.479.098	6.107	0,4 %
Navarra, Comunidad Foral de	640.353	646.197	5.844	0,9 %
País Vasco	2.167.323	2.172.591	5.268	0,2 %
Rioja, La	312.624	312.719	95	0,0 %
Ceuta	85.034	84.913	-121	-0,1 %
Melilla	84.946	84.667	-279	-0,3 %

Fonte: INE, Cifras de poboación

Notas metodolóxicas

A operación estatística *Cifras de poboación*, elaborada polo *Instituto Nacional de Estadística* (INE), proporciona unha estimación da poboación residente en España, en cada comunidade autónoma, provincia e illa (nas provincias insulares), desagregada segundo características demográficas básicas, coma o sexo e a idade. Estas cifras constitúen a cifra de poboación utilizada na produción estatística como poboación de referencia (enquisas, sistemas de contas, indicadores, proxeccións de poboación, ...) e transmítense a nivel internacional como datos oficiais de poboación a todos os efectos.